**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 1 DE XUÑO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| **Presidente:**<br>Dª María Herminia Pouso Maneiro<br><br>**Membros que asisten:**<br><br>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral<br>Dª Elvira Pereira Ageitos<br>D. Anxo Orellan Fernández<br>D. Antonio Javier Jesús Freire Brión<br>D. Víctor Reiriz Lampón | **Interventor:**<br>D. Pablo Bao Castro<br><br>**Secretario en funcións**<br>D. José Martínez de Llano Orosa<br><br>**Membros que non asisten:**<br><br>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)<br>Dª María Esther Patiño Rey |

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día un de xuño do dous mil dezasete, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

## I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 18 de maio de 2017 e 25 de maio de 2017.

## II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

### A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 30/05/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:

| | |
|---|---|
| Número de relación | 2017 – 000021 |
| Importe total | 90.783,45 € |
| Número de facturas | 50 |
| 1ª factura. | |
| Emisor (Cif) | 14782354R |
| Importe | 3.196,72 € |
| Última factura | |
| Emisor (Cif) | X4108013Y |
| Importe | 8,00 € |

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 1 | **Data** | 29/05/2017 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Póliza de seguro de accidentes para 1.000 participantes estimados, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS, S.A. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS, S.A.** | | |
| **NIF/CIF:** | A28007748 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **1.000,06 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 2 | **Data** | 29/05/2017 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material deportivo para celebración de sorteo, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | SPORTBIKE GALICIA, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **SPORTBIKE GALICIA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B70265012 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **350,00 €** | | |
| **Observacións:** | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 3 | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de 5 pancartas e 20 ploteados, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | DOSTEX, S.L. | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **DOSTEX, S.L.** | | | | |
| NIF/CIF: | B15944002 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **175,45 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 4 | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de 100 carteis e 4000 folletos con distribución por parroquias, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | DOSTEX, S.L. | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **DOSTEX, S.L.** | | | | |
| NIF/CIF: | B15944002 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **233,14 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 5 | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Servizo de ambulancia, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | FUNERARIA Y AMBULANCIAS COMPOSTELA, S.L. | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **FUNERARIA Y AMBULANCIAS COMPOSTELA, S.L.** | | | | |
| NIF/CIF: | B15904808 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **250,00 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 6 | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Servizo de ambulancia, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L. | | |

CONCELLO DE RIVEIRA

| | | | |
|---|---|---|---|
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15991417 | | |
| Importe (IVE incluído): | **250,00 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 7 | Data | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de avituallamento sólido para participantes, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | CIPRIANO CRUJEIRAS MUÑIZ |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | CIPRIANO CRUJEIRAS MUÑIZ | | |
| NIF/CIF: | 52459321R | | |
| Importe (IVE incluído): | **190,00 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 8 | Data | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de auga e refrescos para participantes, co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | BODEGAS LA PARRA, S.A. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | BODEGAS LA PARRA, S.A. | | |
| NIF/CIF: | A15134489 | | |
| Importe (IVE incluído): | **705,86 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 9 | Data | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Servizos de monitorado co motivo da celebración do "Día da Bici 2017", o día 18/06/2017 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B70072905 | | |
| Importe (IVE incluído): | **108,60 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 10 | Data | 24/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Medio Ambiente<br>Elvira Pereira Ageitos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Traballos de xestión da biomasa ao longo da ruta de sendeirismo do Río Artes, consistente na realización de rozas de vexetación accesoria nas marxes (0,8 m cada marxe), 4 veces no tramo comprendido entre a ponte sobre a estrada CP-7304 (Artes) e o lavadoiro de Portochouzo (Oleiros), e 3 veces no tramo comprendido entre Portochouzo (Oleiros) e Balteiro (Artes) | | |
| Nº orzamentos aportados | 5 | Provedores | - PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U.<br>- VIAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.<br>- E.I.L. CORMO INTEGRAL, S.L.U.<br>- ASPABER, S.L.<br>- EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L. |
| Informe: | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| Denominación: | **PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U.** | | |
| NIF/CIF: | B702771614 | | |
| Importe (IVE incluído): | **9.740,50 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 11 | Data | /05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de materiais eléctricos para mantemento do rego dos xardíns xunto a Casa do Mar de Aguiño | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | HIDRÁULICA MARIÑO, S.L. |
| Informe: | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| Denominación: | **HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B15122344 | | |
| Importe (IVE incluído): | **580,80 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 12 | Data | 30/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Administrador da Lonxa Municipal de Riveira<br>José M. Orellán | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de motitor táctil para PET | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | SAEC DATA, S.A. |
| Informe: | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| Denominación: | **SAEC DATA, S.A.** | | |
| NIF/CIF: | A36631653 | | |
| Importe (IVE incluído): | **629,20 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 13 | Data | | 26/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de 300 camisetas técnicas impresas para celebración da clausura do obradoiro de ximnasia para a terceira idade "Masterclass 60 Riveira F.I.T." | | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - DOSTEX, S.L.<br>- FRANCISCO J. BESADA MOLINA<br>- ANDRÉS TEIRA PAZ | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | DOSTEX, S.L. | | | | |
| NIF/CIF: | B15944002 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **649,77 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 14 | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de 4 lámparas de 1000 w, 4 equipos de encendido e 6 condensadores para mantemento de iluminación dos campos de fútbol da Fieiteira e Oleiros | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ANTONIO PAZOS, S.A. | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | ANTONIO PAZOS, S.A. | | | | |
| NIF/CIF: | A15066913 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **578,10 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 15 | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Enxeñeira Municipal-Obras<br>Uxía Landeira Pereira | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de material eléctrico para reformas en aulas de formación de Servizos Sociais de Cristobal Colón | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ANTONIO PAZOS, S.A. | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | ANTONIO PAZOS, S.A. | | | | |
| NIF/CIF: | A15066913 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **399,08 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 16 | Data | | 23/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Enxeñeira Municipal-Obras<br>Uxía Landeira Pereira | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de dúas portas bernizadas e con accesorios para reformas en aulas de formación de Servizos Sociais de Cristobal Colón | | | |
| Nº orzamentos | 1 | Provedores | COMERCIAL MALLO AREA, S.L. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| aportados | | | |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | COMERCIAL MALLO AREA, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15243918 | | |
| Importe (IVE incluído): | **417,45 €** | | |
| Observacións: | | | |

| Nº Proposta | 17 | Data | 08/05/2017 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente<br>Elvira Pereira Ageitos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Accións de control da poboación da gaivota patiamarela no cemiterio de Riveira e no CEIP O Grupo (maio a agosto 2017) | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | AGRONERGA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | AGRONERGA, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B36448652 | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.082,95 €** | | |
| Observacións: | | | |

| Nº Proposta | 18 | Data | 29/05/2017 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Enxeñeira Municipal-Obras<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Aluguer de mini retroexcavadora para limpar camiños Vilar/Vixán e Laxes/Filgueira (Carreira) | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15555923 | | |
| Importe (IVE incluído): | **499,13 €** | | |
| Observacións: | | | |

| Nº Proposta | 19 | Data | 29/05/2017 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente<br>Elvira Pereira Ageitos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 28 ligustrum e outras plantas variadas para mantemento de zonas axardinadas municipais | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15847460 | | |
| Importe (IVE incluído): | **2.123,34 €** | | |
| Observacións: | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 20 | Data | | 23/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Reparación de instalación de fontanería no polideportivo de Sirves por actos vandálicos | | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.<br>- ELECTRO VIDAL E HIJOS, S.L.<br>- REY LARANGA, S.L. | | |
| Informe: | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (23/05/2017) | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.** | | | | |
| NIF/CIF: | B15970692 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **9.753,00 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 21 | Data | | 23/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Cultura<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Aluguer, mantemento, colocación e retirada de elementos para a producción necesaria para os concertos das Festas de Verán 2017 | | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - FRANCISCO GÓMEZ SEIJO<br>- JESÚS RODRÍGUEZ ARIAS<br>- JACOBO VARELA PAZ | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **FRANCISCO GÓMEZ SEIJO** | | | | |
| NIF/CIF: | 50297676B | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **13.673,00 €** | | | | |
| Observacións/Anexo ao acordo: | Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:<br>- Autorizar a disposición do servizo de producción artística das actuacións musicais sinaladas na citada proposta, a celebrar en Riveira os días 3, 4 e 5 de agosto co motivo das Festas do Verán 2017<br>- Autorizar a celebración do contrato do citado servizo de producción entre o Concello de Riveira e Francisco Gómez Seijo, Contrataciones y producciones artísticas | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 22 | Data | | 23/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Cultura<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Concerto de "Merche" o día 5 de agosto, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017 | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | FRANCISCO GÓMEZ SEIJO | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **FRANCISCO GÓMEZ SEIJO** | | | | |
| NIF/CIF: | 50297676B | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **21.773,95 €** | | | | |
| Observacións/Anexo | Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, | | | | |

| | |
|---|---|
| ao acordo: | acorda:<br>- Autorizar a celebración do concerto de "Merche" en Riveira, a noite do vindeiro 5 de agosto co motivo das Festas do Verán 2017<br>- Autorizar a celebración do contrato desta actuación artística entre o Concello de Riveira e Francisco Gómez Seijo, Contrataciones y producciones artísticas |

| Nº Proposta | 23 | Data | 30/05/2017 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Parque Natural e Medioambiente<br>Elvira Pereira Ageitos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Aluguer de contedor, transporte e xestión de residuos procedentes das praias (1 contedor, 91 días, 4 viaxes e ata 80 $m^3$) | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.** | | |
| NIF/CIF: | A15146608 | | |
| Importe (IVE incluído): | **3.120,70 €** | | |
| Observacións: | | | |

| Nº Proposta | 24 | Data | 29/05/2017 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Instalación de alarma en polideportivo de Sirves, incluído mantemento (Xuño-decembro 2017) | | |
| Nº orzamentos aportados | 2 | Provedores | - SECURITAS DIRECT ESPAÑA, S.A.<br>- SISTEMAS DE SEGURIDAD 8X8, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **SECURITAS DIRECT ESPAÑA, S.A.** | | |
| NIF/CIF: | A26106013 | | |
| Importe (IVE incluído): | **778,03 €** | | |
| Observacións: | | | |

| Nº Proposta | 25 | Data | 23/05/2017 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 3 figuras de cerámica, co motivo da celebración do festival de clausura das actividades do curso 2016-2017 incluídas no Programa de Dinamización e Promoción Social dos Nosos Maiores | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | JOSÉ RAMÓN OUJO BELLO |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **JOSÉ RAMÓN OUJO BELLO** | | |
| NIF/CIF: | 76483919H | | |
| Importe (IVE incluído): | **141,00 €** | | |
| Observacións: | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA

CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

| Nº Proposta | | 26 | Data | | 23/05/2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Impresión de 280 diplomas, co motivo da celebración do festival de clausura das actividades do curso 2016-2017 incluídas no Programa de Dinamización e Promoción Social dos Nosos Maiores | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA** | | | | |
| NIF/CIF: | 52930719Z | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **67,76 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| Nº Proposta | | 27 | Data | | 23/05/2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Servizo de son e iluminación, co motivo da celebración do festival de clausura das actividades do curso 2016-2017 incluídas no Programa de Dinamización e Promoción Social dos Nosos Maiores | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ** | | | | |
| NIF/CIF: | 52932383E | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **25,41 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| Nº Proposta | | 28 | Data | | 23/05/2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Monólogo de Quico Cadaval, co motivo da celebración do festival de clausura das actividades do curso 2016-2017 incluídas no Programa de Dinamización e Promoción Social dos Nosos Maiores | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS, S.L. | | |
| Informe: | | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | | |
| Denominación: | **PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS, S.L.** | | | | |
| NIF/CIF: | B15928377 | | | | |
| Importe (IVE incluído): | **363,00 €** | | | | |
| Observacións: | | | | | |

| Nº Proposta | | 29 | Data | | 26/05/2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá-Policía Local<br>Víctor Reiriz Lampón | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Subministración de varias prendas para uniformidade dos auxiliares de policía | | | |
| Nº orzamentos | 3 | Provedores | - DECORO 2016, S.L. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| aportados | | | - VESLA, S.L.<br>- POSIMAR, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **DECORO 2016, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B27475854 | | |
| Importe (IVE incluído): | **3.172,62 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 30 | Data | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Impresión de 5000 trípticos con publicidade de escolas deportivas, campamentos e cursos no verán 2017 | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA<br>- DOSTEX, S.L.<br>- SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA** | | |
| NIF/CIF: | 52930719Z | | |
| Importe (IVE incluído): | **240,00 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 31 | Data | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Servizo de monitorado para cursos de surf nos meses de xullo e agosto de 2017, incluído no programa de actividades deportivas de verán 2017 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | GECKOS, S.C. |
| Informe: | Concelleiro de Educación e Técnico de Actividades Deportivas (29/05/2017) | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **GECKOS, S.C.** | | |
| NIF/CIF: | J70454137 | | |
| Importe (IVE incluído): | **4.235,00 €** | | |
| Observacións: | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 32 | Data | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Servizo de monitorado para campamento deportivo nos meses de xullo e agosto de 2017, incluído no programa de actividades deportivas de verán 2017 | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - MARÍA FERNANDA CORES CES<br>- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.<br>- AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. |
| Informe: | Concelleiro de Educación e Técnico de Actividades Deportivas (29/05/2017) | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **MARÍA FERNANDA CORES CES** | | |

CONCELLO DE RIVEIRA

| | |
|---|---|
| NIF/CIF: | 52936784F |
| Importe (IVE incluído): | **3.011,04 €** |
| Observacións: | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | **33** | Data | | 29/05/2017 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Deportes<br>Anxo Orellán Fernández | | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Póliza de seguro de accidentes de 340 participantes en escolas deportivas, campamentos e cursos do verán 2017 (Efectos 01/07/2017 a 31/08/2017) | | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. | |
| Informe: | Concelleiro de Educación e Técnico de Actividades Deportivas (29/05/2017) | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | **ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.** | | | |
| NIF/CIF: | A28007748 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **2.040,01 €** | | | |
| Observacións: | | | | |

**APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (<u>Curso de iniciación ao surf</u>).**

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** do ***Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández***, de data 29/05/2017, no que solicita a aprobación de prezo público para a celebración da actividade denominada "Curso de inciación ao surf" dirixida a xóvenes nados entre os anos 2008 e 2000.

Visto o informe emitido ao respecto polo ***Xerente de Actividades Deportivs, José Miguel Ruiz Rivas***, co visto e prace do ***Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández***, de data 29/05/2017.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 30/05/2017.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**1.-** A aprobación do **prezo público de 40,00 €** por participante nos "Curso de iniciación ao surf" (que deberá ser ingresado na conta do Concello de Riveira nº 2080/0373/24/3110000045).

**2.- Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (Campamento deportivo de verán).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** do ***Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández***, de data 29/05/2017, no que solicita a aprobación de prezo público para a celebración da actividade denominada a aprobación de prezo público para a celebración da actividade denominada "Campamento deportivo de verán", destinado a 40 nenos de 6 a 12 anos.

Visto o informe emitido ao respecto polo ***Xerente de Actividades Deportivs, José Miguel Ruiz Rivas***, co visto e prace do ***Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández***, de data 29/05/2017.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 30/05/2017.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**1.**- A aprobación do **prezo público de 70,00 €** curso completo, ou 35,00 €/mes para participantes que se inscriban unha vez comenzado o curso "Campamento deportivo de Verán" (que deberá ser ingresado na conta do Concello de Riveira nº 2080/0373/24/3110000045).

**2.- Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado

**RENDICIÓN DE CONTAS DE TESOURERÍA (I.V.T.M.) - EXERCICIO 2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a Conta que rende a Tesourería – Recadación Voluntaria – I.V.T.M. – Exercicio 2017; de data 26/05/2017, asinado polo Interventor e o Tesoureiro, co seguinte cadro resumo:

| COMPROBACIÓN | IMPORTE | % |
|---|---|---|
| Total Padrón IVTM 2017 | 1.219.184,63 € | 100,00 |
| **TOTAL CARGO** | **1.219.184,63 €** | 100,00 |
| Baixas xustificadas | **2.285,86 €** | 0,19 |
| **Recadación voluntaria** | **1.016.233,21 €** | **83,35** |
| **S.E.P.** | **- €** | **0,08** |
| **Relación de debedores** | **200.671,61 €** | **16,46** |

III.- CONTRATACIÓN.

**1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "REORDENACIÓN E MELLORA DO PARQUE URBANO DE PEDRA PATEIRA (RIVEIRA)".**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de **"Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)"**, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016, cun orzamento total de licitación de 35.088,84 euros (orzamento base: 28.999,04 euros; IVE 21%: 6.089,80 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído na **"1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016"**, da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016, foi aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na súa sesión da data 30/06/2016 (que foi ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2016.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o Prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171.60910, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 09/02/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 34, da data 17/02/2017 (emenda de erros publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 35, da data 20/02/2017), no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 17/02/2017 e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 21/02/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 07/04/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/02/2017, co número 2.768.

2) Obras y Contratas Rivademar, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.826.

3) Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.835.

4) Obras y Viales Cerne, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.838.

5) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/03/2017, co número 3.857.

6) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/03/2017, co número 3.917.

7) Desmaco, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/03/2017, co número 4.074.

8) Sagade 2009, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/03/2017, co número 4.075.

9) Construcciones Canosa, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.233.

10) Manuel Barcia García- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.269.

11) Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.272.

12) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.320.

13) Sonense de Granitos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.328.

14) Ceta Contratas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.330.

15) HPC Ibérica, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.332.

16) Globalia Urbanismo Integral, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/03/2017, co número 4.344.

17) Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.363, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

18) Rasalerez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.364, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

19) Jardinería Arce, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.365, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

20) Abaco Sercoin, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.366, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

21) Lignum Urbe, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.367, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

22) Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.368, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

23) Terrauga Proyectos y Obras, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.369, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

24) Construcciones González y González, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.370, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

25) Construcciones Oñial, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.371, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

26) Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.372, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

27) Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.373, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

28) Kaizen Management, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.374, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

29) Mecano Obras y Reformas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.375, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

30) Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.376, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

31) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.377, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

32) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/03/2017, co número 4.378, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

33) Naturgalia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 4.591, presentada a través da oficina de correos na data 15/03/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do exame da documentación aportada, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 12/04/2017, acordou:

*A.- Declarar admitidas a esta licitación ás seguintes empresas, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta:*

- *Construcciones Anspal, S.L.*
- *Tarrío y Suárez, S.L.*
- *Manuel Barcia García*
- *Vías y Servicios Generales, S.L.*
- *Jardincelas, S.L.*

*B.- Requirir ós licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros,*

*correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación:*

- *Obras y Contratas Rivademar, S.L.*
- *Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.*
- *Obras y Viales Cerne, S.L.*
- *Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.*
- *Desmaco, S.L.U.*
- *Sagade 2009, S.L.*
- *Construcciones Canosa, S.L.*
- *Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.*
- *Sonense de Granitos, S.L.*
- *Ceta Contratas, S.L.*
- *HPC Ibérica, S.A.*
- *Globalia Urbanismo Integral, S.L.*
- *Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.*
- *Rasalerez, S.L.*
- *Jardinería Arce, S.L.*
- *Abaco Sercoin, S.L.U.*
- *Lignum Urbe, S.L.*
- *Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L.*
- *Terrauga Proyectos y Obras, S.L.*
- *Construcciones González y González, S.L.*
- *Construcciones Oñial, S.L.*
- *Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L.*
- *Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.*
- *Kaizen Management, S.L.*
- *Mecano Obras y Reformas, S.L.*
- *Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L.*
- *Arines Obras y Proyectos, S.L.*
- *Naturgalia, S.L.*

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 17/04/2017, e que foron notificados por correo electrónico aos licitadores na data 18/04/2017.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da documentación aportada por cada unha das empresas requiridas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 02/05/2017, acordou:

*1º) Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Obras y Contratas Rivademar, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L., Ceta Contratas, S.L., HPC Ibérica, S.A., Globalia Urbanismo Integral, S.L.,*

*Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Abaco Sercoin, S.L.U., Lignum Urbe, S.L., Terrauga Proyectos y Obras, S.L., Construcciones Oñial, S.L., Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Arines Obras y Proyectos, S.L. e Naturgalia, S.L.*

*2º) Declarar excluídas da licitación as empresas Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L., Obras y Viales Cerne, S.L., Desmaco, S.L.U., Sagade 2009, S.L., Construcciones Canosa, S.L., Sonense de Granitos, S.L., Rasalerez, S.L., Jardinería Arce, S.L., Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., Construcciones González y González, S.L., Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L., Kaizen Management, S.L. e Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L. por non ter presentado o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.*

O acto público de apertura dos sobres "B" (oferta económica) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, celebrouse na mesma reunión da Mesa de data 02/05/2017, dando o resultado seguinte:

| *Licitador* | *Orzamento base (sen IVE)* |
|---|---|
| Obras y Contratas Rivademar, S.L. | 22.474,26 € |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 24.199,70 € |
| Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. | 22.764,25 € |
| Ceta Contratas, S.L. | 19.787,56 € |
| HPC Ibérica, S.A. | 22.202,00 € |
| Globalia Urbanismo Integral, S.L. | 23.791,20 € |
| Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. | 19.643,65 € |
| Abaco Sercoin, S.L.U. | 24.994,70 € |
| Lignum Urbe, S.L. | 18.579,68 € |
| Terrauga Proyectos y Obras, S.L. | 22.279,96 € |
| Construcciones Oñial, S.L. | 28.512,00 € |
| Actividades de Construcción Edificación y Viales, | 23.997,16 € |
| Mecano Obras y Reformas, S.L. | 18.314,00 € |
| Arines Obras y Proyectos, S.L. | 19.913,64 € |
| Naturgalia, S.L. | 25.260,00 € |
| Construcciones Anspal, S.L. | 23.000,00 € |
| Tarrío y Suárez, S.L. | 25.504,65 € |
| Manuel Barcia García | 24.628,10 € |
| Vías y Servicios Generales, S.L. | 23.199,23 € |
| Jardincelas, S.L | 20.851,65 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas Ceta Contratas, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Lignum

Urbe, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Arines Obras y Proyectos, S.L., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a alcaldía, por decreto da data 08/05/2017, resolveu dar audiencia ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas económicas, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas ofertas económicas as empresas "Mecano Obras y Reformas, S.L." (rexistrada de entrada na data 16/05/2017 co número 7.923) e "Ceta Contratas, S.L" (rexistrada de entrada na data 16/05/2017 co número 7.929).

Con data 29/05/2017 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu informe desfavorable sobre a documentación presentada polas empresas "Mecano Obras y Reformas, S.L." e "Ceta Contratas, S.L" para xustificar as súas respectivas ofertas económicas, polos motivos que no mesmo constan.

Á vista do citado informe e tendo en conta os antecedentes expostos,

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 30/05/2017.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS**:

**<u>PRIMEIRO</u>.-Declarar excluídas da licitación as empresas Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L., Obras y Viales Cerne, S.L., Desmaco, S.L.U., Sagade 2009, S.L., Construcciones Canosa, S.L., Sonense de Granitos, S.L., Rasalerez, S.L., Jardinería Arce, S.L., Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., Construcciones González y González, S.L., Obras Montajes Instalaciones y Proyectos, S.L., Kaizen Management, S.L. e Obras Transportes y Construcciones Fontefría, S.L.,** por non ter presentado o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.

**<u>SEGUNDO</u>.- Excluír desta licitación ás empresas Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Lignum Urbe, S.L. e Arines Obras y Proyectos, S.L.** por ter presentado ofertas económicas anormais ou desproporcionadas e non xustificar as mesmas.

**<u>TERCEIRO</u>**.- De acordo co informe asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 29/05/2017 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación das súas respectivas ofertas económicas:

- **Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa Mecano Obras y Reformas, S.L., excluíndoa polo tanto da licitación**, por canto:

a.- En relación a xustificación de prezos ofertados, cabe indicar que si presenta escrito de compromiso de tres empresas subministradoras (Formigón, pavimento continuo de caucho e pedra+bordillo). Aporta xustificación valorada, aportando o cadro de descompostos, no que se indica por partida, a incidencia dos prezos ofertados, en canto a material, man de obra, e maquinaria no seu caso.

No referente ao prezo ofertado e a carta de compromiso emitida pola empresa subministradora (Comercial Ruben Viña), cabe sinalar que no presente caso non se especifica nin o espesor na pedra (laxa de pedra, xa que se oferta un valor por m3. E sobre o bordillo tampouco se especifican as dimensións do mesmo (sección que ha de axustarse ao proxecto). Estas cuestións restan eficacia á proposta.

En consecuencia, a xustificación de prezos non pode ser admitida.

b.- Aporta unha relación importante do volume de maquinaria da que dispón a empresa. En canto ao listado que presenta de volume de obra contratada,en execución e pendente de executar, cabe significar que o cadro fai mención a obras que non gardan relación coa natureza das obras obxecto do presente procedemento de contratación, carecendo de significación no presente caso.

c.- Aporta copia das nóminas dos distintos traballadores da empresa, aos efectos de xustificar o axuste realizado, en relación cos medios humanos dos que se dispón e dos distintos materiais sobre os que se manifestan os prezos ofertados.

En definitiva, e a tenor do xa exposto e desde o punto de vista técnico, a oferta non cumpre cos requisitos esixibles para poder ser admitida no presente procedemento.

- **Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa Ceta Contratas, S.L., excluíndoa polo tanto da licitación**, por canto:

a.- En relación a xustificación de prezos ofertados, cabe indicar que si presenta escrito de compromiso de tres empresas subministradoras (Escavacion, formigón e pavimento continuo de caucho), xa que tan só presenta baixa nos tres primeiros apartados do capítulo de pavimentos (escavación, soleira de formigón e pavimento continuo de caucho).

Aporta xustificación valorada, aportando un cadro resumen, en relación co presuposto da obra.

De tódolos xeitos non se precisa, no preceptivo cadro de descompostos; aos efectos de validar os medios auxiliares, man de obra, etc...; como si ben se fai no caso anterior; carecendo deste xeito de eficacia a presente xustificación. E por outra banda, cabe indicar que o prezo do formigón/m3: 34 €/m3 vai moi por debaixo do prezo medio da zona, que se aproxima ao dobre do prezo aquí ofertado.

En consecuencia, a xustificación de prezos non pode ser admitida.

b.- Aporta certificado de clasificación de contratista, indicando o grupo, subgrupo e categoría, en consonancia co disposto ao respecto pola Lei de Contratos. En canto ao listado que presenta de volume de obra contratada, en execución e pendente de executar, cabe significar que aporta un extenso listado de obras executadas, as cales gardan similitude na natureza e coas características similares á aquí ofertada, e acompañando os certificados de boa execución emitidos pola Dirección Facultativa.

c.- Con respecto ao apartado c/"Relación entre custes laborais e volume de obra", o licitador manifesta que no presente caso non hai necesidade de tal xustificación, toda vez que se recollen na oferta as porcentaxes do proxecto (beneficio industrial e gastos xerais).

En definitiva, a oferta non cumpre os requisitos esixibles desde o punto de vista técnico, para poder ser admitida no presente procedemento, por carecer de rigor a proposta de prezos ofertados, tal e como se manifesta no primeiro apartado.

**CUARTO**.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)"**, do seguinte xeito:

| *Orde* | *Licitador* | *Orzamento base (sen IVE)* |
|---|---|---|
| 1 | Jardincelas, S.L | 20.851,65 € |
| 2 | HPC Ibérica, S.A. | 22.202,00 € |
| 3 | Terrauga Proyectos y Obras, S.L. | 22.279,96 € |
| 4 | Obras y Contratas Rivademar, S.L. | 22.474,26 € |
| 5 | Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. | 22.764,25 € |
| 6 | Construcciones Anspal, S.L. | 23.000,00 € |
| 7 | Vías y Servicios Generales, S.L. | 23.199,23 € |
| 8 | Globalia Urbanismo Integral, S.L. | 23.791,20 € |
| 9 | Actividades de Construcción Edificación y Viales, | 23.997,16 € |
| 10 | Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 24.199,70 € |
| 11 | Manuel Barcia García | 24.628,10 € |
| 12 | Abaco Sercoin, S.L.U. | 24.994,70 € |
| 13 | Naturgalia, S.L. | 25.260,00 € |
| 14 | Tarrío y Suárez, S.L. | 25.504,65 € |
| 15 | Construcciones Oñial, S.L. | 28.512,00 € |

**QUINTO**.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a "Jardincelas, S.L"**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello **a documentación que se indica nas cláusulas 12.1.1 e 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar

a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**2.- Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN DEÁN GRANDE (RIVEIRA)".**

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de **"Pavimentación de camiños en Deán Grande (Riveira)"**, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, cun orzamento total de licitación de 71.059,60 euros (orzamento base: 58.726,94 euros; IVE 21%: 12.332,66 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no "Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016", aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en outubro de 2015, foi aprobado por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na súa sesión da data 16/12/2015.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61901, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 25/08/2016.

De conformidade co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, a licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 16/09/2016.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación José Manuel Fernández Dios, na data 05/10/2016, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. "Construcciones Anspal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.254.
2. "Tarrío y Suárez, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.291.
3. "Espina & Delfín, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.306.
4. "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.313.

5. "Vías y Servicios Generales, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/09/2016, co número 12.322.
6. "Excavaciones Nima, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.341.
7. "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.344.
8. "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.345.
9. "Excavaciones Darío, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.348.
10. "Río Sieira, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/09/2016, co número 12.350.
11. "Construcciones Oñial, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/09/2016, co número 12.372, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
12. "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/09/2016, co número 12.388, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
13. "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/09/2016, co número 12.435, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
14. "Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.454, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.
15. "Excavaciones Pose, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.463, enviada a través da oficina de correos na data 24/09/2016.
16. "Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.464, enviada a través da oficina de correos na data 24/09/2016.
17. "Obras y Viales de Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/09/2016, co número 12.527, enviada a través da oficina de correos na data 23/09/2016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 20/10/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás dezasete empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres "B" de referencias técnicas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 25/10/2016, na que despois dunha sucinta lectura da documentación aportada por cada licitador, a Mesa de Contratación acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" aos servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración (a excepción da oferta económica) que figuran no Anexo

V do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 30/03/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 25/10/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo, á vista do que, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 31/03/2017, acordou outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" (referencias técnicas):

| | EMPRESA | CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL | | | | | | | CRITERIOS CON CARÁCTER GENERAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | A) Programa de Traballo (de 0 a 30 pts) | B) Actuación medioambiental (de 0 a 10 pts) | C) Plan de control de calidade (de 0 a 10 pts) | D) Esquema do Plan de seguridade e saúde (de 0 a 10 pts) | E) Porcentaxe de control de calidade (de 0 a 10 pts) | | | |
| | | | | | | Porcentaxe de control interno de calidade (de 0 a 1 pts) | Porcentaxe de control externo de calidade (de 0 a 9 pts) | Suma puntuación porcentaxes control calidade interno e externo | |
| 1 | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | 28,00 | 9,00 | 10,00 | 9,00 | 1,00 | 9,00 | 10,00 | **66,00** |
| 2 | CANARGA, S.L. | 27,00 | 10,00 | 10,00 | 9,00 | 0,31 | 9,00 | 9,31 | **65,31** |
| 3 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 24,50 | 8,00 | 10,00 | 8,00 | 0,63 | 9,00 | 9,63 | **60,13** |
| 4 | PONCIANO NIETO, S.L. | 21,50 | 9,50 | 10,00 | 9,50 | 0,50 | 9,00 | 9,50 | **60,00** |
| 5 | CONSTRUCCIONES ANSPAL,S.L. | 24,00 | 9,00 | 9,00 | 8,50 | 0,06 | 9,00 | 9,06 | **59,56** |
| 6 | ESPINA Y DELFÍN, S.L. | 21,50 | 7,50 | 10,00 | 9,00 | 0,31 | 9,00 | 9,31 | **57,31** |
| 7 | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 21,00 | 8,00 | 9,00 | 9,50 | 0,63 | 9,00 | 9,63 | **57,13** |
| 8 | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | 23,00 | 9,00 | 7,00 | 8,50 | 0,13 | 9,00 | 9,13 | **56,63** |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 20,00 | 8,00 | 8,00 | 8,00 | 0,63 | 9,00 | 9,63 | **53,63** |
| 10 | CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L. | 13,50 | 8,50 | 8,00 | 9,00 | 0,19 | 9,00 | 9,19 | **48,19** |
| 11 | EXCAVACIONES DARÍO, S.L. | 16,50 | 6,00 | 8,00 | 8,50 | 0,13 | 9,00 | 9,13 | **48,13** |
| 12 | EXCAVACIONES POSE, S.L. | 17,00 | 7,00 | 6,00 | 8,50 | 0,19 | 9,00 | 9,19 | **47,69** |
| 13 | EXCAVACIONES NIMA, S.L. | 18,00 | 3,50 | 2,00 | 7,00 | 0,06 | 6,00 | 6,06 | **36,56** |
| 14 | RÍO SIEIRA, S.L. | 14,50 | 8,00 | 7,00 | 6,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | **35,50** |
| 15 | CARREIRA XXI | 5,00 | 4,00 | 7,00 | 4,00 | 0,06 | 7,50 | 7,56 | **27,56** |
| 16 | VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. | 8,00 | 5,00 | 6,00 | 7,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | **26,00** |
| 17 | CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L. | 3,50 | 2,00 | 2,00 | 6,00 | 0,06 | 6,00 | 6,06 | **19,56** |

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" (ofertas económicas -1ª oferta-), e a realizar o cálculo das puntuacións das ofertas, de acordo coa fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela que figura no Anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas puntuacións foron calculadas a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES | ORZAMENTO BASE (IVE excluído) | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| Construcciones Anspal, S.L. | 55.200,00 € | 8,99 |
| Tarrío y Suárez, S.L. | 58.139,67 € | 1,50 |
| Espina & Delfín, S.L. | 58.139,67 € | 1,50 |
| Construcciones Ponciano Nieto, S.L. | 56.965,13 € | 4,49 |

| | | |
|---|---|---|
| Vías y Servicios Generales, S.L. | 53.388,13 € | 13,60 |
| Excavaciones Nima, S.L. | 46.435,00 € | 25,99 |
| Nemesio Ordóñez, S.A. | 55.814,08 € | 7,42 |
| Construcciones Jenaro Cadaval, S.L. | 55.000,00 € | 9,50 |
| Excavaciones Darío, S.L. | 58.139,67 € | 1,50 |
| Río Sieira, S.L. | 47.950,80 € | 23,38 |
| Construcciones Oñial, S.L. | 49.682,99 € | 20,39 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 55.790,60 € | 7,48 |
| Canarga, S.L. | 54.616,06 € | 10,48 |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. | 44.426,90 € | 29,45 |
| Excavaciones Pose, S.L. | 50.000,00 € | 19,84 |
| Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L. | 44.110,18 € | 30,00 |
| Obras y Viales de Galicia, S.L. | 55.719,01 € | 7,66 |

A continuación a Mesa de Contratación procedeu a realizar a clasificación provisional das ofertas, resultante da suma das puntuacións obtidas por cada licitador nos seus respectivos sobres "B", (referencias técnicas) e "C" (ofertas económicas -1ª oferta-) ofrecendo o seguinte resultado:

| Nº | LICITADOR | PUNTUACIÓNS | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Sobres "B" | Sobres "C" | Suma Total |
| 1 | Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. | 57,13 | 29,45 | 86,58 |
| 2 | Canarga, S.L. | 65,31 | 10,48 | 75,79 |
| 3 | Nemesio Ordóñez, S.A. | 66,00 | 7,42 | 73,42 |
| 4 | Construcciones Oñial, S.L. | 48,19 | 20,39 | 68,58 |
| 5 | Construcciones Anspal, S.L. | 59,56 | 8,99 | 68,55 |
| 6 | Obras y Viales de Galicia, S.L. | 60,13 | 7,66 | 67,79 |
| 7 | Excavaciones Pose, S.L. | 47,69 | 19,84 | 67,53 |
| 8 | Construcciones Ponciano Nieto, S.L. | 60,00 | 4,49 | 64,49 |
| 9 | Excavaciones Nima, S.L. | 36,56 | 25,99 | 62,55 |
| 10 | Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 53,63 | 7,48 | 61,11 |
| 11 | Río Sieira, S.L. | 35,50 | 23,38 | 58,88 |
| 12 | Espina & Delfín, S.L. | 57,31 | 1,50 | 58,81 |
| 13 | Tarrío y Suárez, S.L. | 56,63 | 1,50 | 58,13 |
| 14 | Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L. | 27,56 | 30,00 | 57,56 |
| 15 | Excavaciones Darío, S.L. | 48,13 | 1,50 | 49,63 |
| 16 | Vías y Servicios Generales, S.L. | 26,00 | 13,60 | 39,60 |
| 17 | Construcciones Jenaro Cadaval, S.L. | 19,56 | 9,50 | 29,06 |

Unha vez concluída a fase de valoración inicial a Mesa de Contratación, na súa citada reunión de data 31/03/2017, acordou abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta económica que mellore a

primeira foron realizadas por medio de escritos da Alcaldía, que foron rexistrados de saída na data 06/04/2017 e notificados por correo electrónico.

O acto público de apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) de cada licitador celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 25/04/2017, ofrecendo o seguinte resultado:

| *Licitador* | *Orzamento base (sen IVE)* |
|---|---|
| Construcciones Anspal, S.L. | 46.000,00 € |
| Tarrío y Suárez, S.L. | 41.413,16 € |
| Espina & Delfín, S.L. | 42.870,67 € |
| Construcciones Ponciano Nieto, S.L. | 40.644,92 € |
| Vías y Servicios Generales, S.L. | 41.108,86 € |
| Excavaciones Nima, S.L. | 44.034,62 € |
| Nemesio Ordóñez, S.A. | 38.560,11 € |
| Construcciones Jenaro Cadaval, S.L. | (mantén 1ª oferta) |
| Excavaciones Darío, S.L. | (mantén 1ª oferta) |
| Río Sieira, S.L. | (mantén 1ª oferta) |
| Construcciones Oñial, S.L. | 49.682,99 € |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 43.046,85 € |
| Canarga, S.L. | 43.516,53 € |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de | 42.958,70 € |
| Excavaciones Pose, S.L. | (mantén 1ª oferta) |
| Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L. | (mantén 1ª oferta) |
| Obras y Viales de Galicia, S.L. | 45.388,43 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada pola empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a alcaldía, por decreto da data 27/04/2017, resolveu dar audiencia á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificase a súa oferta, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

Dentro do prazo concedido a empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." presentou documentación para xustificar a súa oferta económica (que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 03/05/2017 co número 7.189).

Con data 16/05/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Pavimentación de camiños en Deán Grande"*, no que conclúe que:

*"Na documentación presentada por Nemesio Ordóñez, S.A. expón os motivos especialmente vantaxosos que lle levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e*

*medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Nemesio Ordóñez, S.A.*

Na súa reunión da data 19/05/2017 procedeuse pola Mesa de Contratación a realizar o cálculo das puntuacións das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas polas empresas admitidas á licitación, de acordo coa fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela que figura no Anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas puntuacións foron calculadas a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 19/05/2017 e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 25/05/2017, adoptou os seguintes acordos:

*- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/05/2017 así como da documentación presentada pola empresa como xustificación da súa oferta, considerar xustificada a oferta económica presentada por "Nemesio Ordóñez, S.A."*

*- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Pavimentación de camiños en Deán Grande (Riveira)", do seguinte xeito:*

| *Nº* | *LICITADOR* | *PUNTUACIÓNS* | | |
|---|---|---|---|---|
| | | *Sobres "B"* | *Sobres "C"* | *Suma Total* |
| *1* | *Nemesio Ordóñez, S.A.* | *66,00* | *30,00* | *96,00* |
| *2* | *Canarga, S.L.* | *65,31* | *23,67* | *88,98* |
| *3* | *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* | *60,00* | *27,34* | *87,34* |
| *4* | *Tarrío y Suárez, S.L.* | *56,63* | *26,35* | *82,98* |
| *5* | *Espina & Delfín, S.L.* | *57,31* | *24,49* | *81,80* |
| *6* | *Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.* | *57,13* | *24,38* | *81,51* |
| *7* | *Obras y Viales de Galicia, S.L.* | *60,13* | *21,28* | *81,41* |
| *8* | *Construcciones Anspal, S.L.* | *59,56* | *20,35* | *79,91* |
| *9* | *Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.* | *53,63* | *24,27* | *77,90* |
| *10* | *Construcciones Oñial, S.L.* | *48,19* | *14,46* | *62,65* |
| *11* | *Excavaciones Pose, S.L.* | *47,69* | *13,96* | *61,65* |
| *12* | *Excavaciones Nima, S.L.* | *36,56* | *23,01* | *59,57* |
| *13* | *Vías y Servicios Generales, S.L.* | *26,00* | *26,74* | *52,74* |
| *14* | *Río Sieira, S.L.* | *35,50* | *17,23* | *52,73* |
| *15* | *Carreira XXI Construcción y Rehabilitación, S.L.* | *27,56* | *22,91* | *50,47* |
| *16* | *Excavaciones Darío, S.L.* | *48,13* | *0,94* | *49,07* |
| *17* | *Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.* | *19,56* | *5,96* | *25,52* |

*- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "Nemesio Ordóñez, S.A.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 26/05/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 29/05/2017 co número 8.807), entre a que se inclúe no que respecta a garantía definitiva fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 29/05/2017 (nº operación: 2017 33003352), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor (R.E.A. nº 8190-819) como fianza do contrato por importe de 1.928,01 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 30/05/2017.

Visto o informe favorable de fiscalización emitido polo interventor municipal Pablo Bao Castro de data 31/05/2017

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS**:

***PRIMEIRO***.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

***SEGUNDO***.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de

Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 25/05/2017, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "Pavimentación de camiños en Deán Grande (Riveira)" á empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." (NIF número A-15146608), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 46.657,73 euros (Base: 38.560,11 euros; IVE 21%: 8.097,62 euros).**

**b) Prazo de execución: 2 meses**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data outubro de 2015.

***TERCEIRO***.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

***CUARTO***.- **Designar como Directora das obras a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira**.

***QUINTO***.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

**3.- Aprobación do expediente de contratación das obras de "Apertura de cunetas e roza de marxes en estradas, rúas, camiños e demais espazos públicos do termo municipal de Riveira, ano 2017".**

Tendo en conta a necesidade de manter en condicións adecuadas de limpeza os diversos camiños e espazos públicos municipais, para o que é preciso realizar traballos de apertura de cunetas e roza de marxes en estradas, rúas, camiños e demais espazos públicos do termo municipal de Riveira, a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, con data 23/05/2017, redactou un Prego técnico-administrativo para rexer o contrato menor das obras de "Apertura de cunetas e roza de marxes nos camiños públicos do termo municipal de Riveira, ano 2017", cun orzamento total de 60.452,21 euros (orzamento base: 49.960,50 euros; IVE 21%: 10.491,71 euros) e cun prazo de execución de 4 meses.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Prego técnico-administrativo para rexer o contrato redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/05/2017.
- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar o investimento, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/05/2017, e conformada polo alcalde en funcións Manuel Emilio Pérez Outeiral (decreto de substitución de data 25/05/2017).
- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 30/05/2017 (número de operación 2017 22007997), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453. 21000.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que, non obstante o anterior, considérase oportuno neste expediente que para a contratación das obras se anuncie a licitación no Perfil do Contratante do Concello.

Vistos os artigos 109, 110, 111, 114, 115 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CONCELLO DE RIVEIRA

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS**:

**PRIMEIRO**.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por decreto da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), para ditar o presente decreto.

**SEGUNDO**.- **Aprobar o Prego técnico-administrativo** redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/05/2017, para rexer a contratación das obras de **Apertura de cunetas e roza de marxes en estradas, rúas, camiños e demais espazos públicos do termo municipal de Riveira, ano 2017**, cun orzamento total de 60.452,21 euros (orzamento base: 49.960,50 euros; IVE 21%: 10.491,71 euros) e cun prazo de execución de 4 meses.

**TERCEIRO**.- **Aprobar o expediente de contratación como contrato menor**.

**CUARTO**.- **Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 453. 21000.

**QUINTO**.- **Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación** con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

**SEXTO**.- **Anunciar a licitación** no Perfil do Contratante do Concello para que tódolos interesados poidan presentar as súas ofertas no prazo de 5 días naturais.

## IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

**1.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde en funcións (Decreto de substitución de data 28/04/2017), Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 04/05/2017 **"Decreto: Aprobación do expediente de contratación da subministración, mantemento e limpeza de retretes químicos portátiles para instalar nas praias e nas actividades culturais e/ou festivas do Concello de Rivaira durante a tempada de verán (Anos 2017 e 2018)"**.

**2.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/05/2017 **"Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormais ou desproporcionadas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato de obras de "Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)""**.

**3.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 22/05/2017 **"Decreto: Aprobación do Anexo ó plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Mellora da accesibilidade no conservatorio municipal de Riveira""**.

**4.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/05/2017 **"Decreto: Requirimento para a xustificación dunha oferta económica, en principio, anormal ou desproporcionada, presentada no expediente para a adxudicación do contrato de obras de "Instalacións, remate e urbanización exterior do centro social multiusos de Carreira""**.

**5.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/05/2017 **"Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación da subministración, mantemento e limpeza de retretes químicos portátiles para instalar nas praias e nas actividades culturais e/ou festivas do Concello de Rivaira durante a tempada de verán (Anos 2017 e 2018)"**.

**6.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/05/2017 **"Decreto: Aprobación do expediente de contratación, como contrato menor, para a subministración de "unha desbrozadora de brazo articulado para encaixar no tractor municipal""**.

**7.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/05/2017 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto denominado "Instalación rede de saneamento e reposición de pavimentos no lugar de Bretal (Olveira)""**.

## V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

**1.-** Vistos os escritos presentados por **Javier Varela Rodríguez,** de datas 22/02/2017, 26/04/2017 e 04/05/2017 (Rexistros de entrada nº 2.885, 6.853 e 7.272), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de Fonterramil, Monteamigo, Castiñeiras, Riveira; con refª catastrais nº 15074A019006820001LT e 15074A019006810001LL.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 09/05/2017, ao disposto no informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/05/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** ao Sr. Javier Varela Rodríguez ***LICENZA DE OBRAS (Nº 24/17)*** para ***CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA*** no lugar de Fonterramil, Monteamigo, Riveira, en parcela resultante da agrupación das parcelas efectuada pola notario Mª Covadonga Vázquez López con refª catastrais nº 15074A019006820001LT e 15074A019006810001LL, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 7 de febreiro de 2017 Proxecto Básico Modificado de marzo de 2017, Anexo I ao Proxecto de 19 de abril de 2017 e Anexo II ao Proxecto de 2 maio de 2017, redactados por Oscar L. Rodríguez Ramos, (Arquitecto Col. nº 3.371):

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de **parcela de cesión 32,00 $m^2$**), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construcción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 577,65 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,** visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza*

*municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciase desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*

- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.**- Vistos os escritos presentados por **Lucía Peixoto Pino e Roberto Jesús Barcala Furelos,** de datas 17/02/2017 e 30/03/2017 (Rexistros de entrada nº 2.652, e 5.303), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta, no lugar de de Braña da Cortiña, Parcela 4, Espiñeirido, Corrubedo, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A049005360000KD.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 11/04/2017, ao disposto no informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 11/04/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 24/04/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.**- ***CONCEDER*** á Sra. Lucía Peixoto Pino e ao Sr. Roberto Jesús Barcala Furelos ***LICENZA DE OBRAS (Nº 25/17)*** para ***CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA*** no lugar de de Braña da Cortiña, Parcela 4, Espiñeirido, Corrubedo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A049005360000KD, nos termos do Proxecto Básico de febreiro de 2017 e Anexo ao Proxecto Básico de febreiro de 2017, redactado por Carmen María Pérez Perez, (Arquitecto Col. nº 3.803):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Proxecto de Execución*** *visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a* ***previa cesión a dominio e uso público*** *da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal* ***refléxase unha superficie de cesión en total de 20,00 m²*** *ao longo do vial), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construcción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal* ***unha fianza de 186,34 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra*** *visado polo Colexio Oficial de Arquitectos,* ***Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico***

***de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*

- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciase desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**3.-** Vistos os escritos presentados por **Dolores Millares Parada,** de datas 05/05/2017, 19/05/2017 e 26/05/2017 (Rexistros de entrada nº 7.310, 8.130 e 8.697), nos que solicita licenza de obras para executar reforma de cuberta de vivenda unifamiliar existente na Estrada Xeral nº 136, Castiñeiras, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019012200000KA.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 30/05/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 31/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** á Sra. Dolores Millares Parada ***LICENZA DE OBRAS (Nº 26/17)*** para ***REFORMA DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE*** sita na Estrada Xeral nº 136, Castiñeiras, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019012200000KA, nos termos do Proxecto Básico de abril de 2017 redactado polo Arquitecto Manuel Peleteiro Bandín:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Proxecto de Execución*** *visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra*** *visado polo Colexio Oficial de Arquitectos,* ***Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*

*propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 5/17.**

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3 Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.
REFª CATASTRAL: 15074A007011840001LA.
SITUACIÓN: Lugar de Insuela nº 67, Palmeira, Riveira.
INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr.Baltasar Pontes Saiñas.
INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. Arturo Pérez Cerecedo.
POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Realización de obras sobre caseta existente sen a preceptiva licenza municipal de obra.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Vista a denuncia cursada na data 3 de abril de 2017, (rexistro de entrada nº 5.488), polo Sr. Arturo Pérez Cerecedo.

**Segundo.-** Visto en base ao anterior o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar visita de comprobación na data 4 de abril de 2017 co seguinte tenor literal:

"

(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA
INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CUNHAS OBRAS, EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LEGALIDADE URBANÍSTICA
REF. CATASTRAL: 15074A007011840001LA
DENUNCIANTE: ARTURO PÉREZ CERECEDO
INTERESADO: BALTASAR PONTES SAIÑAS.

ANTECEDENTES E INSPECCIÓN:

a.- Con data de 3 de abril de 2017 don Arturo Pérez Cerecedo, veciño de Palmeira, en con domicilio en Insuela nº 67, presenta denuncia sobre unhas obras en curso de execución na parcela colindante, propiedade de don Baltasar Pontes Saiñas, e consistentes na ampliación da cuberta dunha caseta de madeira destinada a hostalería ("chiringuito"):

b.- Con data de 3 de abril de 2017 o técnico que subscribe realiza vista de inspección ao lugar, podendo comprobar que se están a realizar obras sobre a citada caseta. As obras consisten na desmontaxe da techumbre da castea, a implantación de columnas de pedra sobre a fronte da mesma, coa presumible ampliación ca cobertura da mesma (porche dianteiro), tal e como tamén nos confirma o propio promotor das obras; o cal estaba presente no momento da visita. Tamén se comproba que se ten acopiado na parcela pranchas de chapa metálica (panel sandwich)n para a renovación e ampliación da cobertura.

c.- A parcela emprázase dentro dun ámbito de solo urbano, e no que lle resulta de aplicación a ordenanza 6.3 Ado PXOM (parcela mínima 500 m2). A actual parcela non cumpre coa condición de parcela mínima esixible pola ordenanza (180 m2) e a caseta tampouco garda os afastamentos mínimos cos lindeiros particulares, polo que se atopa en situación de fora de ordenación, e en consecuencia, tan só se puideran autorizar obras de mera conservación e mantemento do uso preexistente, nunca de ampliación e mellora.

d.- As obras que si se puideran realizar, e baixo licenza ou comunicación previa, son as de conservación e mantemento da cuberta actual, debendo de eliminarse os pilares instalados na fronte da caseta e impedindo a posibilidade de ampliación da superficie construída na parcela.

e.- Tamén se ten comprobado que as obras non contan coa autorización preceptiva (obras sen licenza ou título habilitante).

CONCLUSIÓN:

1.- Ante o exposto, puido comprobarse que as obras que se están a non contan co preceptivo título habilitante, nin tampouco resultan legalizables, polo que procede incoar expediente de reposición da legalidade, previa suspensión das obras e dándolle audiencia ao interesado, tal e como establece ao respecto o artigo 152 da lei 2/2016 do Solo de Galicia.

E coa ata aquí exposto dou por concluído o presente informe.

Riveira, 4 de abril de 2017.

Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

Acompañamos fotografías realizada o día da visita e copia da ficha catastral da parcela obxecto de denuncia.

(...)

"

**Terceiro.-** Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 6 de abril de 2017 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 5/17 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o

Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

**Cuarto.-** A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Baltasar Pontes Saíñas na data 10 de abril de 2017 e ao Sr. Arturo Pérez Cerecedo na data 10 de abril de 2017.

**Quinto.-** En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

**Sexto.-** Notificado este emprazamento, o Sr. Arturo Pérez Cerecedo presenta alegacións en escrito rexistrado de entrada na data 28 de abril de 2017, (Rexistro de entrada nº 7.019), ao citado Decreto de Alcaldía de data 9 de marzo de 2015.

**Sétimo.-** Notificado este emprazamento, o Sr. Baltasar Pontes Saíñas presenta en escrito rexistrado de entrada na data 11 de maio de 2017, (Rexistro de entrada nº 7.632), comunicación de obra para executar obras de conservación de cuberta da edificación existente no lugar de Insuela nº 67, Palmeira, Riveira, achegando Memoria valorada de abril de 2017 redactada pola arquitecta (col. nº 2.498), Mª Carmen Gago Fernández.

**Oitavo.-** En relación á comunicación de obra presenta Sr. Baltasar Pontes Saíñas o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño asina dilixencia de comprobación favorable na data 16 de maio de 2017.

**Noveno.-** Por último tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade aplicable ao caso nos ocupa o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 30 de maio de 2017 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 5/17 co seguinte tenor literal:

"

(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA
INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CUNHAS OBRAS, EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LEGALIDADE URBANÍSTICA E DO POSTERIOR TRÁMITE DE LEGALIZACIÓN DAS MESMAS.
REF. CATASTRAL: 15074A007011840001LA
DENUNCIANTE: ARTURO PÉREZ CERECEDO
INTERESADO: BALTASAR PONTES SAIÑAS.

ANTECEDENTES E INSPECCIÓN:

a.- Con data de 3 de abril de 2017 don Arturo Pérez Cerecedo, veciño de Palmeira, en con domicilio en Insuela nº 67, presenta denuncia sobre unhas obras en curso de execución na parcela colindante, propiedade de don Baltasar Pontes Saiñas, e consistentes na ampliación da cuberta dunha caseta de madeira destinada a hostalería ("chiringuito"):

b.- Con data de 3 de abril de 2017 o técnico que subscribe realiza vista de inspección ao lugar, podendo comprobar que se están a realizar obras sobre a citada caseta. As obras consisten na

desmontaxe da techumbre da castea, a implantación de columnas de pedra sobre a fronte da mesma, coa presumible ampliación ca cobertura da mesma (porche dianteiro), tal e como tamén nos confirma o propio promotor das obras; o cal estaba presente no momento da visita. Tamén se comproba que se ten acopiado na parcela pranchas de chapa metálica (panel sandwich)n para a renovación e ampliación da cobertura.

c.- Con data de 4 de abril do presente ano este técnico emite informe técnico, onde se da constancia dos feitos e se conclúe, que a tenor dos feitos e do non axuste á legalidade urbanística, procede incoar expediente de reposición da da legalidade urbanística (ERLU), xa que as obras que si se puideran realizar, e baixo licenza ou comunicación previa, son as de conservación e mantemento da cuberta actual, debendo de eliminarse os pilares instalados na fronte da caseta e impedindo a posibilidade de ampliación da superficie construída na parcela.

d.- Mediante Decreto de Alcaldía de data de 6 de abril de 2017, e previo o informe xurídico preceptivo, acordase a paralización das obras e o inicio de expediente de reposición da legalidade urbanística (Expte.: 5/17).

e.- Con posterioridade á apertura do ERLU, e recibida a notificación do acordo polointeresado e con data de 10.04.2017, este presenta Instancia de Comunicación Previa de data de 11.05.2017, acompañando memoria técnica valorada redactada pola arquitecta Carmen Gago Fernández. Na presente memoria descríbense as obras de mantemento e conservación da edificación existente de uso hostaleiro. Xustifícase a necesidade de substituír o material da cobertura, que se atopa en mal estado de conservación, por outra nova cobertura (panel sandwich), manténdose o entramado estrutural existente e a mesma pendente ca cuberta.

f.- As obras aquí descritas axústanse ás legalmente permitidas pola lexislación urbanística vixente, toda vez que o artigo 90 da Lei 2/2016, establece para estes casos a posibilidade de realizar obras de mantemento e conservación e sen alterar o uso preexistente (hostaleiro, no presente caso, e como se puido constatar).

g.- A edificación atópase en situación de fora de ordenación parcial (*),como ben se xustifica no anterior informe técnico de data de 04.04.2017.

> (*) Son aquelas edificacións erixidas con anterioridade á entrada en vigor que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no punto anterior, e poderanse realizar, como mínimo, as obras sinaladas no punto anterior. Ou aquelas, e en virtude do establecido polo artigo 153, apartado 2 da lei 2/2016, e que aínda sexan posteriores á entrada en vigor do mesmo, pero que xa se tera cumprido o prazo de prescrición, séndolle de aplicación este mesmo réxime, definido no artigo 90.2 da presente lei.

h.- Con data de 16 de maio de 2017 este técnico asina a conformidade da dilixencia de comprobación relativa á Comunicación Previa presentada. A día de hoxe non se ten tomado o coñecemento oportuno por parte da XGL do trámite.

i.- No informe anterior exponse que as obras non resultan legalizables, a tenor da ampliación que se estaba a realizar e motivada pola existencia dun pórtico de pilares de pedra situados na fronte da edificación, en previsión da instalación dun porche. Pero si resultan legalizables as obras de mantemento e conservación da cuberta da edificación preexistente. De tódolos xeitos, antes de resolver o presente ERLU, compre realizar unha visita ao lugar, aos efectos de comprobar si xa se teñen retirado os pilares.

j.- Realizada visita ao lugar en data de 30 de maio de 2017, puido comprobarse que se mantén a situación e relativa ao levantamento dun pórtico de pilares de pedra na fronte da edificación, polo que podemos concluír que non se teñen adoptadas as medidas de reposición da legalidade ditadas no

informe técnico anterior. Ante o exposto, haberá que requirirlle ao interesado para que corrixa esta situación, aos efectos de poder pechar o presente expediente, ou no seu caso, habería que adoptar medidas disciplinarias, mediante as preceptivas multas coercitivas que prevé a lei ao respecto.

E coa ata aquí exposto dou por concluído o presente informe.

Riveira, 30 de maio de 2017.

Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

(...)

"

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede ***a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade*** comunicándollo ao interesado.

**Segundo.-** Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantizar a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimiento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruido o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguentes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamiento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrucción do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos pudieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requerirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase la comunicación previa. En caso de que se deniegue la licencia o no se cumplan os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persona interesada que as axuste no prazo de tres meses,

prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obligado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantizar a executividade da resolución, sin perxuicio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrucción do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

**Terceiro.-** Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente,

manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflictan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de areas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, vista a dilixencia de comprobación favorable na data 16 de maio de 2017 en relación á comunicación de obra e visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño, na data 30 de maio de 2017, en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística, visto o o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administrción Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 31/05/2017, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***PRESTAR CONFORMIDADE*** a documentación aportada ao expediente polo Sr. Baltasar Pontes Saíñas en escrito rexistrado de entrada na data 11 de maio de 2017, (Rexistro de entrada nº 7.632), de comunicación de obra para executar obras de conservación de cuberta da edificación existente no lugar de Insuela nº 67, Palmeira, Riveira, nos termos da Memoria valorada de abril de 2017 redactada pola arquitecta (col. nº 2.498) Mª Carmen Gago Fernández.

**Segundo.-** ***ORDENAR*** ao Sr. Baltasar Pontes Saíñas, para que no prazo ***DUN MES*** contado a partir da práctica da notificación, proceda a reposición da edificación ao seu estado orixinal ***EXECUTANDO A SÚA CUSTA A DEMOLICIÓN DO PÓRTICO DE PILARES DE PEDRA INSTALADOS NA FRONTE DA EDIFICACIÓN***.

No caso de incumprimento desta orde, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuizo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ó que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados isto é ao Sr. Baltasar Pontes Saíñas así como ao Sr. Arturo Pérez Cerecedo.

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

**1.-** Visto o escrito presentado por **Naiara Muñiz García,** de data 23/05/2017 (Rexistro de entrada nº 8.264), no que solicita certificación en relación a edificación sita en Bretal con refª catastral nº 15074A940014110000UU non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o dia da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A940014110000UU no lugar de Bretal, Olveira, Riveira, propiedade da Sra. Naiara Muñiz García.

CONCELLO DE RIVEIRA

**2.**- Visto o escrito presentado por **Laura Suárez Ruiz,** de data 26/04/2017 (Rexistro de entrada nº 6.845), no que solicita certificación municipal que acredite que la edificación reúne las condiciones técnicas y urbanísticas para su destino a vivienda o informe acreditativo de que no se adoptaron medidas de restauración de la legalidad urbanística o ambiental. Refª catastral nº 15074A921000960000UK

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 31/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o dia da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A921000960000UK no lugar de Redonda Nova nº 5, Areiros, Castiñeiras, Riveira, propiedade da Sra. Laura Suárez Ruiz con D.N.I. 76.500.679-B.

**3.**- Visto o escrito presentado por **Virginia Santamaría Crujeiras,** de data 07/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.049), no que solicita certificación de que non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística a vivenda sita en Vixán, 73-B, Carreira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico do Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 10/11/2016, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

ANTECEDENTES:

Con data de 12 de xullo de 2001 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a dona Virginia Santamaria Crujeiras para a construción dunha vivenda unifamiliar a emprazar sobre unha parcela sita no lugar de Vixán, e de acordo co proxecto técnico redactado polo arquitecto José Carlos Arrojo Lois.

INFORME:

1) Emítese o presente informe en consonancia co exposto no artigo 28.4. "Declaración de obra nova" do RDL 7/2015, de 30 de outubro, e polo que se aproba o texto refundido da lei do solo estatal e rehabilitación urbana.

2) Que unha vez feitas as oportunas comprobacións no Departamento de Urbanismo deste Concello, ternos a ben de informar que a día da data non se ten incoado expediente de reposición da legalidade urbanistica sobre a edificación obxecto do presente informe e propiedade de dona Virginia Santamaría Crujeiras.

**4.-** Visto o escrito presentado por **Emilio José Domínguez Rodríguez,** de data 23/05/2017 (Rexistro de entrada nº 8.264), no que solicita certificación de que de que a memoria síntese da taxación redactada (anexa á solicitude) se adecua á normativa vixente (parcela situada en Rúa Miñoteiro, 30 Palmeira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico do Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/05/2016, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

LEGISLACIÓN APLICADA

LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Disposición transitoria primeira. Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento

1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

b) Ao solo urbano aplicaráselle o disposto no planeamento respectivo

Artículo 90. Edificios fuera de ordenación
1. Los edificios, construcciones e instalaciones erigidos con anterioridad a la aprobación definitiva del planeamiento urbanístico que resultasen incompatibles con sus determinaciones por estar afectados por viales, zonas verdes, espacios libres, dotaciones y equipamientos públicos quedarán incursos en el régimen de fuera de ordenación.
En estas construcciones sólo podrán realizarse obras de conservación y las necesarias para el mantenimiento del uso preexistente, debiendo renunciar expresamente los propietarios al incremento del valor expropiatorio.
2. El planeamiento urbanístico determinará el régimen a que hayan de someterse las edificaciones, construcciones e instalaciones preexistentes a su aprobación definitiva que no sean plenamente compatibles con sus deteminaciones, pero que no estén incursas en la situación de fuera de ordenación, con arreglo a lo señalado en el apartado anterior, pudiendo realizarse, como mínimo, las obras señaladas en el apartado anterior.

-Plan General de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 1712/02

-Artículo 171: Edificación fuera de ordenación

Se considerara como tal toda edificación que incumpla alguna de las prescripciones y limitaciones que se estabiezcan en este Plan con respecto a la ordenación y la edificación.
Cuando la inadaptación a las actuales normas reguladoras de la ordenación de volúmenes no sea de gran magnitud ni suponga grave perjuicio o peligro, o bien sean debidas a la aplicación de anteriores Normas u Ordenanzas de Edificación que no tiene por qué coincidir con la Normativa del presente Documento, se entenderá entonces que ese tipo de edificaciones se encuentran en la situación genérica de fuera de ordenación.

La situación genérica de edificios fuera de ordenación permite autorizar en ellos las necesarias obras de mejora y conservación, garantizándose su uso actual y su adecuación a los criterios técnicos de edificación de la Normativa de este Documento, aunque no se podrán permitir ampliaciones que supongan un incremento del volumen edificado.
En consecuencia de acuerdo con lo expresado, cuando la situación de fuera de ordenación resulte del número de plantas, esta circunstancia no impedirá la libre transmisión de venta o sucesión de las viviendas. ni la imposición de cargas sobre las mismas.
Excepcionalmente y cuando las condiciones de la finca no permita mejor solución por aplicación de la ordenanza, podrán autorizarse obras de aumento de volumen y consolidación al exclusivo objeto de la mejora de las condiciones higiénico-sanitarias de la vivienda, hasta un 35% de la superficie edificada con anterioridad a la publicacion de este Plan, sin superar las condiciones de edificabilidad de la ordenanza de apiicación.
En el caso de una edificación de nueva planta, es decir, posterior a la fecha de aprobación definitiva de este Documento, que manifiestamente incumpliera la Normativa que regula la ordenación de volúmenes, el alcalde estará en el deber de proceder a la inmediata suspensión de las obras y demás medidas previstas en el artículo 175 LSG y concordantes del Reglamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 sin perjuicio de la aplicación de las correspondientes sanciones por infracción urbanística que la LS y RDU establecen.

-Artículo 172: Obras en edificaciones fuera de ordenación

A los efectos de aplicación del artículo 58.2 de la Lei do Solo de Galicia, se considerarán obras de aumento de volumen aquellas que supongan ampliación de la superficie de forjados, losas o placas que puedan dar lugar al incremento de la supedicie útil de los locaies y obras de consoiidación aquellas que afecten a los elementos resistentes de la estructura, muros, pilares, vigas y forjados de piso y a las armaduras resistentes de cubierta.

CONDICIONES GENERALES:

El PXOM de Riveira, adaptado a la Ley 1/1997, del suelo de Galicia, clasifica la parcela como suelo URBANO. Según la disposición transitoria 1ª de la LEI 2/2016, del 10 de febrero del Suelo de Galicia se aplicará lo dispuesto en el Planeamiento respectivo.
El PXOM establece en el Art. 171 que cuando una edificación no cumpla alguno de los parámetros que se exigen para su tipo de suelo se considera ésta en situación de fuera de ordenación, permitiéndose autorizar en ellos las necesarias obras de mejora y conservación, garantizándose su uso actual y su adecuación a los criterios técnicos de edificación de la Normativa de este Documento, aunque no se podrán permitir ampliaciones que supongan un incremento del volumen edificado, entendido según se desarrolla en el Art. 172.
En consecuencia, cuando la situación de fuera de ordenación resulte del número de plantas, esta circunstancia no impedirá la libre transmisión de venta ó sucesión de las viviendas, ni la imposición de cargas sobre las mismas.
Excepcionalmenle y cuando las condiciones de la finca no permitan mejor solución por aplicación de la ordenanza, podrán autorizarse obras de aumento de volumen y consolidación al exclusivo objeto de la mejora de las condiciones higiénico-sanitarias de la vivienda, hasta un 35% de la superficie edificada con anterioridad a la publicación de este Plan, sin superar las condiciones de edificabilidad de la ordenanza de aplicación.

CONDICIONES PARTICULARES:

Para el estudio de la situación en que se encuentran las edificaciones se parte de diferentes supuestos.
En el supuesto 1, tomando como referencia de medidas la cota de 8 metros del plano "situación guía" se comprueba que el frente de parcela no alcanza los 10 metros que establece el PXOM en ordenanza 6.2, que la distancia de la edificación a la alineación supera con creces el limite de 8 metros que establece el PXOM, asimismo se comprueba que tal como se expone en el informe aportado hay más edificaciones auxiliares que el número máximo de construcciones auxiliares permitidas, lo que supone que las construcciones existentes están en la situación de fuera de ordenación que el PXOM establece en el Art. 171
En el segundo supuesto se estudia la adaptación de las edificaciones existentes a la normativa mediante la demolición de lo que "supere" lo permitido por ésta total o incluso de la totalidad. Se expone que el ajuste a la ordenanza 6.2 es inviable porque excede la distancia máxima a alineación.
En el tercer supuesto, cuyo escenario es la parcela exenta después de la demolición de todas las edificaciones existentes, se estudia la posibilidad de construcción de una edificación en la parte de la parcela clasificada como urbana ordenanza 6.1 y concluye afirmando que es posible por el cumplimiento de todos los parámetros correspondientes a ese tipo de suelo.

CONCLUSIÓN

En la documentación presentada se comprueba que en la parcela descrita, compuesta por las parcelas con referencias catastrales 15074 A 035014470000KD y 15074 A 035014480000KX cuya agrupación no se acredita, se sitúan una edificación principal y dos edificaciones auxiliares. La parcela tiene doble clasificación según el PXOM: suelo urbano ordenanza 6.1 y suelo urbano ordenanza 6.2. De la documentación presentada junto con la solicitud puede comprobarse que tal como se puso de manifiesto en la exposición del apartado anterior de este informe, el planteamiento de la "memoria síntesis de la tasación redactada por Emilio José Domínguez-Arquitecto Técnico" se adecua a la normativa vigente.

## IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

Visto o **informe** emitido polo **Intendente Xefe acctal. da Policía Local**, Pedro Antonio Fernández Iglesias, co visto e prace do **Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá**, Víctor Reiriz Lampón, de data 26/05/2017, no que se propón a baixa da motocicleta marca Honda, modelo NX650, número de serie e bastidor ZDCRD08A0XF324163, matrícula 7612 BPK, pertencente ao parque móbil da Policía Local.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda a **solicitar a baixa** do rexistro da Dirección General de Tráfico e entregar para o seu achatarramento a motocicleta marca Honda, modelo NX650, número de serie e bastidor ZDCRD08A0XF324163, matrícula 7612 BPK, pertencente ao parque móbil da Policía Local según o citado informe

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.**

**Riveira, 1 de xuño de 2017**

**O presidente da sesión** — **Dou fe, o secretario en funcións**

CONCELLO DE RIVEIRA ALCALDÍA — CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**María Herminia Pouso Maneiro** — **José Martínez de Llano Orosa**